



Resolución sobre os programas de fomento de mellora da eficacia enerxética e sustentabilidade e de fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas do Plan 2018-2021, con carácter plurianual (código de procedemento VI422E)

Mediante a Resolución do 6 de febreiro de 2020, publicada no Diario Oficial de Galicia (DOG) núm, 38, do 26 de febreiro de 2020, convocáronse distintas liñas de subvencións para actuacións de rehabilitación xestionadas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) para o ano 2020 (códigos de procedemento VI422E, VI408H, VI422F, VI406A e VI426C).

No ordinal décimo terceiro desta resolución regúlase a convocatoria das subvencións dos programas de fomento de mellora da eficacia enerxética e sustentabilidade e de fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas do Plan 2018-2021 (código de procedemento VI422E)

No punto oito deste ordinal décimo terceiro sinálase que o prazo de presentación de solicitudes será dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG. En consecuencia o prazo para presentar as solicitudes para este procedemento finalizaba a 26 de marzo de 2020.

No apartado 1 da Disposición adicional terceira, “suspensión de prazos administrativos”, do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (BOE núm. 67, do 14 de marzo) establece que se suspenden os termos e se interrompen os prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público. O cómputo dos prazos reanudarase no momento no que perda vixencia o citado Real decreto ou, no seu caso, as prórrogas do mesmo. Así mesmo, no seu apartado 3 establécese que o órgano competente poderá acordar, mediante resolución motivada, as medidas de ordenación e instrución estritamente necesarias para evitar prexuízos graves nos dereitos e intereses do interesado no procedemento e sempre que este manifeste a súa conformidade. Este Real decreto entrou en vigor no momento da súa publicación no BOE.





Durante o período comprendido entre o 14 de marzo e o 26 de marzo, estando vixente o estado de alarma, mantívose na sede electrónica a posibilidade de seguir presentando solicitudes. Non obstante, transcorrido ese prazo sinalouse en sede que este prazo esta pechado

Para evitar agravios comparativos respecto das persoas que presentaron solicitudes durante ese período debe manterse a posibilidade, en sede electrónica, de seguir presentando solicitudes como ata o día 26 de marzo, e mentras se manteña o estado de alarma. Unha vez perda a súa vixencia, se reanudarás o prazo oficial de presentación de solicitudes polos 13 días que faltan.

Polo exposto, Resolvo:

1. Que se rehabilite a posibilidade de seguir presentando solicitudes deste procedemento VI422E a través da sede electrónica, como sucedeu desde o 14 ao 26 de marzo de 2020 e, en tanto, estea vixente a declaración do estado de alarma. Unha vez perda a súa vixencia, se reanudarás o prazo oficial de presentación de solicitudes polos 13 días que faltan.

2. As solicitudes presentadas durante este período de vixencia do estado de alarma computaranse, para os efectos da súa resolución, como presentadas o primeiro día hábil de reanudación dos prazos, unha vez perda vixencia o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, ou as súas prórrogas.

O director xeral do IGVS

Heriberto García Porto.

(documento asinado electronicamente)

